

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Segundo a Orde do 9 de xuño de 2016 e o Decreto 105, a avaliación será continua e global e terá en conta o progreso no conxunto das áreas. Non obstante, aínda que a avaliación centrarase no nivel de aprendizaxe do alumnado principalmente (cuxos resultados se expresarán en IN, SU, BE, NT e SB), tamén me centrarei noutros elementos e ámbitos que compoñen a práctica docente.</p> <p>A avaliación que empregarei será, por tanto, continua, sumativa e formativa. Aproveitarei a información facilitada polas familias a partir da observación dos seus fillos e fillas durante a realización das actividades propostas (en relación a motivación, interese, participación, realización das tarefas) para avaliar as aprendizaxes construídas.</p> <p>Coa información recollida, ademais da observada durante o primeiro e segundo trimestre, valorarase o grao de consecución respecto aos obxectivos e ás competencias básicas co fin de establecer propostas de mellora, atención á diversidade futura.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Os instrumentos empregados para a avaliación do alumnado serán:</p> <ul style="list-style-type: none">- Rexistro do traballo realizado polo alumnado a través de conversas coas familias e das propias achegas do alumnado. <p>De acordo con esta información compartida coa familia e coa que xa se tiña do 1º e 2º trimestre a final de curso contemplaranse na memoria correspondente os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua así como o grao de consecución xeral dos obxectivos e as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas. Ademais contemplaranse tamén as medidas, contidos, competencias... pendentes para o curso que vén, o que se complementará coas avaliacións iniciais futuras.</p>
Cualificación final	<p>Para a obtención da cualificación final do presente curso 2019/2020 teranse en conta as seguintes porcentaxes e calcularase en función das mesmas</p> <ul style="list-style-type: none">- Cualificación obtida na primeira avaliación: 60%- Cualificación obtida na segunda avaliación: 40%- Terceira avaliación: ata un 10% sobre a cualificación obtida <p>Neste caso a terceira avaliación non puntúa nunca negativamente, sempre en positivo.</p> <p>O alumnado <u>promocionará</u> sempre e cando acade os obxectivos e competencias básicas para ese curso. No caso de que estas non sexan conseguidas, o alumnado non promocionará.</p>
<p>En educación primaria non contemplamos a proba extraordinaria de setembro Non se dá o caso en primaria de alumnado con materia “pendente” como tal.</p>	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>As actividades que se propoñen dende as materias da área de educación artística ao longo deste trimestre para o alumnado dos diferentes cursos son principalmente de consolidación, reforzo e repaso do construído durante o primeiro e segundo trimestres. Tratan de ser actividades motivadoras e variadas, que gustan especialmente ao alumnado e que fomenten a indagación e a creatividade; á vez que se trata de tarefas que implican habilidades xa coñecidas (interpretación da fruta doce, acompañamento de cancións con obxectos de uso cotiá, reprodución de ritmos con percusión corporal, construción de instrumentos con materiais reciclados, técnicas de debuxo, pegado) co fin de que non resulte difícil a súa explicación para as familias. Non obstante, estas tarefas tamén se acompañan con propostas de ampliación sobre aspectos xa coñecidos. Así, por exemplo, preséntaselle algún novo compositor, danzas de diferentes lugares de España...</p> <p>En calquera caso, as tarefas propostas van acompañadas, no caso de música, das solucións correspondentes para que o propio alumnado poida autocorrixilas e darse conta dos acertos e os erros por si mesmo.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>A práctica educativa está marcada por unha metodoloxía que ten en conta ás características do alumnado, así como os seus intereses e demandas. Atenderase ao desenvolvemento de diversos contidos curriculares en función da idade e das características individuais.</p> <p>Todos os luns se publican na web as tarefas propostas para a semana (alternando plástica e música, unha por semana, para evitar sobrecargar de tarefas ao alumnado), organizadas por cursos, tanto para os nenos e nenas de primaria como de infantil. Estas constan de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades variadas (investigacións, sopas de letras, crucigramas, debuxos...) nos cadernos ou en folios, que tamén poden imprimir ou solicitar ao Concello a súa impresión, sobre contidos diversos adaptados á idade e coñecementos previos do alumnado. - Partituras para a interpretación coa fruta doce (alumnado de 4º, 5º e 6º EP) - Enlaces de aplicacións web e/ou vídeos de cancións, técnicas artísticas, acompañamentos de cancións, interpretación de esquemas rítmicos, danzas...).

	<p>O alumnado con conectividade accede directamente á web e dende alí olla as propostas da semana, que non é necesario imprimir. Pola súa parte, ao alumnado sen conectividade envíaselle a través do teléfono móbil (vía whatsapp) oS documentos pdf coa proposta de tarefas para a súa visualización e realización. Neles inclúense os enlaces para que poidan acceder aos recursos web, vídeos, aplicacións musicais.</p> <p>Dado que moitas actividades propostas son de interpretación vocal e instrumental, expresión corporal... non se lles pide que reenvíen os resultados das tarefas, senón que a través da comunicación coas familias imos sendo coñecedores da súa realización, avances, dificultades... e así podendo orientar as actividades futuras.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Os materiais empregados inclúen tanto materiais xa elaborados (cadernos, fruta) como materiais elaborados por nós e polas familias (instrumentos caseiros, follas de tarefas...), adaptados á idade e ás diferentes situacións.</p> <p><i>Material para o alumnado</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Libreta e/ou folios. - Material elaborado polo propio profesorado para a realización das diferentes actividades e proxectos (que se pode consultar na web do centro todos os luns e que o Concello lles achega impreso se o solicitan). - Instrumentos (fruta doce en 4º, 5º e 6º) e obxectos sonoros presentes no fogar e na contorna (garfos, culleres, paus...) cos que se propón a interpretación de esquemas rítmicos e acompañamentos de cancións. - Material de plástica: ceras e rotuladores, tesoiras, pegamento... - Vídeos, audios e aplicación musicais aos que poden acceder dende dispositivos electrónicos como tabletas, ordenadores, móbiles. - Material reciclado, para a proposta de construción de instrumentos <p><i>Material do profesorado</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Propostas e recursos didácticos para orientar o desenvolvemento dos proxectos. - Vídeos, audios, recursos Tics atopados na web. - Ordenador e outros dispositivos electrónicos (como tableta ou teléfono)